

IV CERTAME LITERARIO DE POESÍA EUCHARÍSTICA



RAQUEL MAGÁN

LUGO | CORPUS | 2018

BASES



LUCENSE
EUCHARISTICUM
CENTRUM



DIOCESE
DE LUGO

Temática

A súa temática debe ser eucarística, preferiblemente vencellada coa adoración eucarística en Lugo. Pódense presentar ao Certame literario de Poesía Eucarística poesías escritas en castelán ou en galego que constitúan un único poema ou varios cunha extensión máxima de 300 versos.

Presentación

Os orixinais presentaranse numerados e a dobre espazo, por unha soa cara en formato A4. Deberán presentarse dentro dun sobre pechado no que só constará un pseudónimo do autor e a categoría á que se presenta. Dentro do mesmo sobre incluírase unha plica co mesmo pseudónimo que conterá nome, apelidos, fotocopia do DNI, correo electrónico e teléfono de contacto do autor.

Entrega

As obras poderanse entregar en persoa ou enviarse por correo ao Centro Eucarístico Lucense, Praza de Santa María 1, 27001 Lugo mencionando no sobre "Certame Literario". Non se admiten traballos presentados por correo electrónico. Admitíranse como máximo dúas entregas por autor.

Premios

Categoría adultos (maiores de 18 anos)

- Primeiro: 600 euros e a publicación da obra.
- Segundo: 350 euros e a publicación da obra.

Categoría infantil (ata 15 anos)

- Primeiro: 350 € en material escolar ou libros e a publicación da obra.
- Segundo: 250 € en material escolar ou libros e a publicación da obra.

Categoría xuvenil (ata 18 anos)

- Primeiro : 350 € en material escolar ou libros e a publicación da obra.
- Segundo: 250 € en material escolar ou libros e a publicación da obra.

Calendario

O prazo de recepción rematará o 25 de maio.

Fallo: comunicarse aos gañadores na última semana de maio e tamén se dará a coñecer a través dos medios de comunicación.

Entrega de premios: entregaranse os premios durante a semana do Corpus. O autor será invitado a ler a súa obra na *Summa Poética*, acto de música e poesía.

Devolución

Os dereitos da 1ª edición das obras son do Centro Eucarístico Lucense (LEC). Tódalas obras que non fosen premiadas pasarán ao arquivo do LEC. Non se devolverán orixinais. A organización resérvase o dereito de publicar a obra que considere axeitada, dando a coñecer o nome do seu autor.

Xurado

O xurado estará composto por escritores e profesores, nomeados polo LEC, que emitirán un fallo inapelable antes do 5 de xuño. Se as obras presentadas non acadasen a calidade necesaria, o premio poderá ser declarado deserto.

Imprevistos

Se con posterioridade á concesión do premio se coñecese algunha anomalía ou incumprimento das bases, procederase á súa revogación, previa consulta co xurado.

Calquera caso non previsto nestas normas será estudado e resolto pola organización. A participación supón a aceptación das presentes bases.

Os datos que se nos faciliten co gallo da participación neste concurso pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Centro Eucarístico Lucense e serán empregados para a xestión do presente concurso. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no seu enderezo de Praza de Santa María 1 , 27001 Lugo